

Dos arquivos de Rafael Dieste.  
Carta de Xosé Otero Espasandín a Rafael Dieste

*Xosé Luís Axeitos*

Non podemos menos que alentar dende estas páxinas íntimas, por epistolares, a todas aquelas persoas que ultimamente intentan dar a coñecer a obra e vida de Otero Espasandín<sup>1</sup>.

Cómpre, nesta sociedade de triunfadores, reivindicar a dor como valor social e incorporar o sufrimento dos perdedores á nosa cultura. O descoñecemento da súa achega segue a ser hoxe un profundo baleiro que constitúe unha eiva persistente e vergonzosa.

Non é suficiente a homenaxe festiva e rechamante do poder, sempre teatral e efectista, pero de escaso contido. Son necesarias accións estruturais que, empezando polo ensino, vaian cimentando o coñecemento e incorporación das ideas que siguen espalladas polos mundos do exilio.

Rafael Dieste e José Otero Espasandín trabaron coñecemento e inmediata amizade posterior formando parte ambos das tropas do Batallón Expedicionario enviado a Marruecos como consecuencia do desastre de Annual<sup>2</sup>. Dende estas datas, mantiveron sempre unha profunda amizade, alimentada epistolarmente dada a inevitable diáspora do exilio e dos camiños diferentes.

---

1. Temos noticia da publicación dunha serie de poemas por parte do Concello de Cerdedo (Pontevedra), amais doutras iniciativas.

2. Vid. Carmen Muñoz, «José Otero Espasandín», introducción a José Otero Espasandín, *Cuentos que me contou Dieste*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1984, pp. 5-9. Nas cartas sucesivas que publiquemos irase esbozando unha biografía epistolar de grande interese. Adiantamos esquematicamente a pertenza de Otero Espasandín (Cerdeo, Pontevedra, 1900) á xeración do 25, xunto con Bal y Gay, Dieste, Maside, Manuel Antonio, Fersen, etc. Despois de exercer como mestre no pósito de Santa Uxía de Ribeira, vivirá en Madrid a partir de 1929; asiste á tertulia da Casa das Flores, de Eduardo Dieste, e segue de contertulio en La Granja del Henar cando se desplazan aquí Eduardo Dieste, LUGRÍS, Cándido F. Mazas, Alberto Fernández, María Zambrano, etc. Combate na guerra civil no bando republicano e vai dar ó campo de concentración de Saint Cyprien. Liberado no 1939, diríxese a Inglaterra para reunirse con Alicia, a súa dona. A guerra mundial e as posteriores dificultades de todo tipo que xera empúxano a Buenos Aires (1941-1947). É unha das etapas máis creativa da súa vida. Asiste á tertulia do «Torton» con Lorenzo Varela, Dieste, Seoane, Frontini, Baudizzone e Arturo Cuadrado, entre outros. Escribe máis de vintedous libros de divulgación para a editorial Atlántida; da entrega mensual á imprenta depende a economía familiar. Pero non deixa de colaborar a cotío nas empresas culturais máis sobranceiras: artigos nas

Das máis de setenta cartas que se conservan nos arquivos Dieste-Muñoz escolmaremos as máis significativas. A primeira, sen datar, corresponde a 1930 e di así:

*Querido Dieste:*

*Lin as duas cartas que lle escribiche<sup>3</sup> a Maside. Conténtame moito que escribas libros, que traballes por traballar, alleo ó eisito ou o fracaso obedecendo somentes os díaños íntimos, que diría Sócrates. Pensando ben a cousa, non debes vir a Madrí; en Madrí non se pode vivir sin renunciar o millor da nosa vida. Tal como s'atopa hoxe a sociedade burguesa o home non interesa para nada; en vez d'él pídesse cada día con mais forza ó comerciante. Soio se pode ser home burlando a sociedade, escurríndose d'ela. Segun me din xentes ben enteiradas- e Maside ten experiencia direita- a mediocridade ten bloqueadas total-as portas, único xeito de se poder soste-la n'un certo nivel. Por eso non se pode vir a Madrí con poucos recursos d'eficacia pois o talento puro, como é o teu, mais qu'un recurso é un estorbo. Coido que debes mandar cousas a Nova España, na que, aparte da censura, tes un marxe de liberdade ausoluta. Podeslle sacar unhas pesetas ó mes pra renovar un pouco con libros e revistas de fora o teu ambiente rianxeiro. O mesmo tempo afirmarás o teu nome, non pra satisfacer unha vanidade que non sintes, desde logo, senon pra te concretares n'un ambiente ó que apareces algo incerto ó traves das nosas referenzas. Aparte d'esto ben sabes como os millores reativos da nosa persoa son os propios feitos. Estouche falando como se tíforas eu, sin desencanto nin compasión mais sí con esa firmeza que dona a visión obxetiva das cousas. Pol-a pasar por alto moitas veces é pol-o que sufrimos pequenas desilusións que nos podíamos aforrar. Tampouco che digo estas cousas por obedecer a unha cautela probeteira. Si me dis que te vas á India ou a Moscú ou a Cleveland non che diría que non por canto é o que farei eu a calquera hora; pero pra vir eiquí non vale a pena sair de Rianxo, donde pol-o menos quedan moitos valores antigos pra soste-lo ánimo e non eiquí onde non eisiste nin o antigo nin o novo.*

*Eiquí tivemos que mandar a Nova España<sup>4</sup> unha carta contra o Montes. Non hay por onde collelo. A súa maña d'encantador de cobras como di o Mazas<sup>5</sup> non tivo eisito con nós pois teríamos que ser cegos pra nos non decatar do seu alcance. En Cataluña falou en nome da xuventude galega cando non facía oito días que dixera que a maor honra de Galicia debía ser a de dar escravos cegos de Martínez Anido. Entr'as firmas de protesta incruimos a*

---

revistas *Sur*, *Correo Literario*, *Galicia*, *Galicia Emigrante*, *De Mar a Mar*, etc; traducións do francés e do inglés. En agosto de 1947, obtén un posto de profesor en Estados Unidos, nun *college* de Pensylvania; de alí, pasa a ocupar un posto como traductor e editor na O.M.S. Morre na cidade de Bethesda, preto de Washington, no ano 1989.

3. Respectamos a ortografía do autor. A carta, manuscrita, ocupa o recto de sete cuartillas sen numerar.

4. Revista quincenal que safu o 30 de xaneiro de 1930 e que a partir do nº 15 converteuse en «Semanario Político-Social». Contou entre os seus directores a A. Espina, o novelista Díaz Fernández e o crítico musical A. Salazar.

5. Cándido Fernández Mazas, pintor ourensán. (vid. C. Gurméndez, *Cándido Fernández Mazas*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1981).

*tua, por suposto d'acordo con nós<sup>6</sup>. Un d'estes días recibirás un programa político no que vimos traballando todo o inverno duas ducias de galegos. Imos con él a nos poñer 'un vieiro reitiliño e craro. Ti darasnos nomes e firmas que respondan. Enrique<sup>7</sup> cada día mais arteiro, mais esquemático e con mais hazos (sic). Ten na sua cabeza proxeitos moi audaces e moi firmes. Estamos os dous na ala esquerda do noso programa, que por certo nada ten da ala dereita. ¡Quen te me dera eiquí pra che ensinar algunhas cousas que fixen dende aqueles días de Ribeira! Ti verías en min cousas que aínda eu somentes presinto. Mándoche o poema derradeiro e quero que ó me escribires unha longa carta me digas que che parece. Eiquí xa nin-guén fala de versos e a min doeme un pouco esta friaxe. Podes supor cánto me lembro do mar, do mar ese que quizais non vexa mais. Esta vida porca e sin pureza de corpo nin de corazón, meu Rafael, atáfégame. Por outro lado en vez de se me abriren camiños fondos, car'a dentro, ou car'a fora, cérranseme.*

*Calquera día dou un pulo e brinco a calquera lado. A miña vida fáltalle sentido, soio percibo ausenzas non ben determiñadas que tanto pode ser unha amiga como unha vocación insospeitada, como un mundo novo, novo non soio pra min senon pr'o mundo mesmo.*

*Vivo d'unhas crases; aínda [que] gano algo mais non me chega pra me permitilo luxo de gastar cinco pesos sin remordimentos de conciencia. Non sei que faría pr'o vran.*

*Escríbeme, por Deus, e dime total-as cousas que se che veñan a cabeza aínda que a carta saia superrealista. Dime cousas de Manuel Antonio; se deixou poemas, como morreu. Ti ben sabes como él era eso: o Home.*

*Dalle lembranzas a tua nai, a eses rapaces, Manoel, Xosé, Sisto<sup>8</sup>, etc. Abrázate. Outeiro.*

*Juan de Austria nº 4-2º izqda.*

---

6. En 1930, asinan unha carta, publicada en *Nueva España*, pola que se desvinculan da representación que, en nome da mocidade galega, asume Euxenio Montes na reunión de intelectuais casteláns e cataláns recentemente celebrada en Barcelona. Os firmantes son os seguintes: Xesús Bal, Ben-Cho-Shei, R. Blanco Torres, Luís Bouza Brey, José M<sup>a</sup> Díaz, Rafael Dieste, Enrique Fernández Sendón («Fersen»), Manuel Fernández Sendón, Adolfo Gallego, Leoncio Jaso, Carlos Maside, Cándido F. Mazas, Emilio Mosteiro, Otero Espasandín, Luís Poza, Celestino Poza, Eduardo Rodríguez, Ramón Rodríguez Somoza, Juan Rof Carballo, Domingo García Sabell, Amando Suárez Couto, Salvador Velallos, Clemente Zapata. (Esta nota está redactada por M<sup>a</sup> Esther Rodríguez Losada, a quen agradezo o envío, ante a imposibilidade de atopar a revista, pola miña parte, nesta ocasión).

7. Enrique Fernández Sendón, «Fersen». Colaborou na revista «Leviatán» con crónicas de economía política. Tamén colaborará na revista *P.A.N.* e outras publicacións. Morre en Ribeira (A Coruña), no ano 1955, despois de pasar varios anos nun campo de concentración. Seu irmán, Manolo, firmante tamén do manifesto contra Montes, foi fusilado polos franquistas.

8. Os tres amigos nomeados serán asasinados polos fascistas. Con razón se queixa Dieste nunha carta posterior, ano 1940, de que o deixaron sen amigos.

En dúas follas á parte, figuran estes dous poemas manuscritos, anunciados na carta:

*A sombra e mais eu*

*Ti e mais eu soios*

*â veira dos espacios caídos  
e mudos. O silenzo é macizo  
como unha morea de gran.  
N'este desterro sin saídas finitas  
batéronse as pálpebras da vida.  
As augas esfreixadas  
non conmoen as tercas lonxanías  
nin as ás das gavotas  
tronzan as herbas aterecidas  
das nosas esperas.  
Non hay un espello que che zigue os osos  
nin un écran que te resucite.  
Ben sinto o teu pulso de nicre  
medoñento achegarse  
con agasallos de cadelo  
e os escalofríos de lazo  
dos ollos que perdeche ó nacer.  
Alónxate mais pra sermos dous  
que se dan a man na soedade.*

*(Poema sin nome aínda)*

*O teu quedo pisar, muller dos meus soñares,*

*alporizou os cans car'ó poñente,  
e as esfreixadas zoaban  
mais ó cerca nas rafegas do vento.  
De vez en cando, desvelado o reló  
recalca o bater das miñas cens  
sobre os confís baldeiros das estrelas.*

*De cote ás miñas costas  
a tua figura sin liñas nin sombras  
é un bico d'argazos xiados  
e un ollar de peixe de lagoa.  
Eu agardo un miragre  
-fora do tempo xa- que  
ó crebar a fixeza das esferas  
me deixe recoller detras da lua  
o derradeiro alento dos teus labres.*

Amsterdam, etc., estudiando o teatro europeo, becados pola Junta de Ampliación de Estudios. Espasandín acaba de ser nomeado director da revista P.A.N.<sup>9</sup>

[Madrid, 15 de enero de 1935]

*Queridos Carmen y Rafael:*

*Al llegar una tarde al café me mostraron el esbozo de P.A.N.; no tuve parte, pues, en su elaboración –lo digo para ponerme al margen de vuestros elogios, que creo justos–, y sin embargo la llevo acogida muy adentro porque cifra y define un deseo viejo en nosotros. Con su aparición aproximada coincidió el parto de Alicia. Hemos sufrido serias preocupaciones; las dificultades no dejaron de rondar todas las fases del camino. Al fin, pasados veintitrés días de sanatorio entre monjas, batas, cloroformo y músicas celestiales nos encontramos en casa fuera de peligro al parecer. Tenemos una niña muy mona y de mucha personalidad; nos pasamos el tiempo mirándola con ese íntimo aplomo con que se mira una cosa bien resuelta. No hubo bautizo religioso –con la escama de las monjas– o pagano; nace como a nosotros dos nos gustaría nacer, como nace un roble o un lobato. No creáis por esto que un niño es apetecible; huid de él como del fuego; lo que sí puede decirse es que, hecha abstracción de todo lo demás, un niño da como nada la súbita y viva conciencia del prodigio.*

*Contado esto, me encuentro perplejo ante cuanto ha pasado del verano acá. No pude desde entonces veros y deciros no sé cuantas cosas, tal vez ninguna como no sea las que lleva en sí un abrazo de esos que parten en dos el alma. Nosotros hemos vivido desde que nos casamos con una intensidad que no puede soñarse. He vivido de soltero instantes intensos, y Rafael lo sabe bien; pero al lado de otros, muchísimos, de casado aquellos palidecen. Tengo la certeza de que vuestra intimidad me dará la razón. Cambiemos, pues, de tema.*

*La revista –volvamos a ella– es admirable tal como empezó a vivir. Sólo me preocupa –creo que a todos íntimamente– su porvenir. Yo quisiera abrirle un crédito moral con la colaboración de personas que, en nuestra desnutrida atmósfera literaria, lo poseen; Cossío, Unamuno, Machado, Valle-Inclán, podrían ser los primeros. Con este crédito P.A.N. puede aspirar a la difusión que merece y a una base económica de publicidad. En nuestro tiempo más que en ningún otro una publicación debe vivir enraizada en la sociedad; para esto, contando con la colaboración de los Dieste, a P.A.N. le basta romper un estrecho círculo de pereza mental. He aquí, ahora, lo que privadamente, pudiéramos llamar una treta para conseguir estas colaboraciones: la encuesta. Basta gestionarla en privado y de modo que eludir la signifique una deserción frente a todo su pasado por parte de la persona cuya*

---

9. Vid. *Boletín Galego de Literatura*, 8, 1992, p. 129-130.

*opinión se solicita. Es también preciso dar una impresión fiel de quienes somos, no vayan a tomarnos, dada la escama que otras revistas crearon, por un grupo de arribistas atento a medrar o a su propio ombligo. Todo esto va por buen camino. Tengo una gran esperanza en Cossío, y si él abre el fuego, nos sería fácil rendir a Machado y luego a todos los demás. La encuesta a mi ver debe aspirar a extraer de cada consultado lo más valioso y personal; por eso el cuestionario ha de ser flexible, casi individual. Tú, Rafa, puedes sugerirnos cosas para su redacción con destino a Machado, Valle Inclán, etc.*

*Esa carta a Juan de Mairena me interesa muchísimo; si la tienes escrita, envíala al vuelo, si no esribela antes que la de Aristóteles, por ejemplo, pues éste hecho como está a la eternidad de acá, la Historia, y del allá bien puede esperar unas semanas más. Acaso ahí te fuese dado hablar con Cromelink de asuntos de teatro y articular la conversación en una hipotética respuesta a P.A.N. sobre este tema. A punto de solicitar de la Junta<sup>10</sup> una pensión para estudiar por ahí metodología matemática, me interesa saber cuanto antes la equivalencia de la mensualidad con el nivel de vida y moneda belga y francesa.*

*Si encuentras una edición decorosa –de viejo– de Molière o La Fontaine, y estás en trance de adquirirla, me la envías, que te enviaré el importe muy pronto. Esto último no lo diría si no tuviera serias razones para suponer que los fondos son ultrasuperficiales, lo cual es más un elogio que una insidia. Me ha hecho Mariano Aguilar la encomienda de redactar unos manuales adaptados a los cuestionarios oficiales sobre matemáticas; es una labor muy bonita y veo muchas posibilidades en ella, pues los cuestionarios están bien hechos y alcanzan aspectos interesantes de la materia. Lo malo es que en la escuela, que no me da para vivir, tengo mucho trabajo y Aguilar no peca de espléndido ni mucho menos. Ya os daré cuenta de este asunto a medida que se vaya concretando. Después de lo que llevo escrito tengo derecho a pedir os una carta de las vuestras, que bien puede un día no lejano ser una vela de seda blanca o una ala de albatros izada en la vela de P.A.N. Alicia, que aun no pudo leer la revista por prescripción médica, os envía un ¡hurra!... de nostalgia de libertad y euforia.*

*Abrazos. Espasandín y Alicia.*

X. L. Axeitos  
I.B. «Rafael Dieste»  
A Coruña